

España na Idade Moderna. Séculos XV- XVIII.

I. OS REIS CATÓLICOS E A FORMACIÓN DO ESTADO MODERNO

INTRODUCCIÓN Á IDADE MODERNA

O reinado dos Reis Católicos marcou o tránsito entre a Idade Media á Idade Moderna. Baixo o seu mandato uníronse as Coroas de Castela e Aragón, rematouse a Reconquista, anexionouse Navarra, reforzouse o dominio en Italia e descubriuse América, ademáis de transformar os órganos de goberno e reforzar a autoridade dos monarcas (monarquía autoritaria).

A Monarquía hispánica exerceu a hexemonía en Europa no século XVI sostendo numerosas guerras e distinguíndose pola defensa do catolicismo; as dificultades internas e as derrotas reduciron o seu poder no século XVII.

Tras o descubrimento de América en 1492, iniciouse un período de exploración e conquista das novas terras que quedaron incorporadas á Coroa de Castela. Os Austrias reinaron en España durante os séculos XVI e XVII. O modelo político deste período coñécese como Monarquía hispánica, un conxunto disperso de inmensos territorios que conservaban estruturas propias de poder pero que todos obedecían ao rei de España.

Galicia estivo integrada na Monarquía hispánica, conservando institucións propias; as costas galegas resultaron especialmente afectadas pola política internacional dos Austrias.

Durante a época da Monarquía hispánica desenvolvéronse as correntes ideolóxicas, culturais e artísticas do Humanismo e da Contrarreforma.

I. OS REIS CATÓLICOS E A FORMACIÓN DO ESTADO MODERNO

O matrimonio de Isabel I de Castela e o príncipe Fernándo de Aragón (1469), deu lugar a unha unión dinástica que non chegou a cristalizar nunha unificación territorial. En 1479, Isabel sae vitoriosa da II Guerra Civil castelá fronte a súa sobriña Juana. Nese mesmo ano, Fernando accede ao trono da Coroa de Aragón, sucedendo ao seu pai Juan II. Dende ese momento, o matrimonio comeza a gobernar os seus reinos sen acometer nunca unha unión política, administrativa ou territorial dos mesmos. Os diferentes reinos, mantiveron as súas leis, institucións, moedas e fronteiras. Cómpre destacar que aínda que os monarcas gobernaban xuntos, cada un deles mantiña de xeito privativo a administración e o dereito sucesorio.



1. A POLÍTICA INTERIOR

a) O proceso de unidade territorial.

Os RRCC serán os artífices da unidade territorial ao reducir o cinco reinos de finais da Idade Media a soamente dúas.

- A unión entre Castela e Aragón. É o primeiro paso, son os dous reinos máis grandes. Materialízase mediante o matrimonio entre ambos. Previamente Isabel tivo que vencer nunha guerra dinástica que se abre á morte do rei, o seu irmán Enrique IV, entre a súa sobriña Juana aliada con Portugal e ela, que fora nomeada previamente herdeira e contaba co apoio de Aragón. Tras a **vitoria de Toro** en 1476 Isabel consolídase como reina de Castela.

- A incorporación de Granada prodúcese tras recuperar os RRCC o poder fronte á nobreza e emprender unha esgotadora campaña contra o reino nazarí a partir de 1487. O 2 de xaneiro de 1492 o último rei granadino, Boabdil, entregaba a Alhambra. O papa deulles o título de católicos por este feito



- Rosellón e a Cerdeña. Eran dous condados pirenaicos que Juan II, pai de Fernando, perdera fronte a Francia.

Fernando recupéraos coa promesa de permitir o avance francés en Italia para que conquistasen Nápoles, promesa que non cumpriría, xa que este reino será incorporado á Coroa de Aragón en 1505.

- A conquista das Canarias empezara en tempos de Enrique III de Castela, agora consolídase o seu dominio definitivo entre 1492 e 1496.
- Navarra, gobernada por unha dinastía francesa (a casa de Champagne) supuña unha ameaza para Fernando e no contexto de guerras contra Francia foi ocupada en 1512 sen resistencia polo duque de Alba e incorporada a Castela. Navarra conservaría os seus cortes e as súas institucións.

b) A creación do Estado moderno: a monarquía autoritaria

Os Reis fortalecerán o poder real fronte a outros poderes que lle facían sombra na Idade Media: a nobreza, o clero e a burguesía.

O enfrontamento coa nobreza duraba máis dun século, os RRCC vanos a derrotar militarmente e vanlles a obrigar a vivir na corte. A nobreza perderá o seu poder político, pero non o económico. Para someter ao clero pactan co papa Alejandro VI o dereito de padroado: o nomeamento dos altos cargos eclesiástico faríao o papa, pero a partir dunha lista de tres candidatos presentados polo rei; desa maneira o clero era dócil e estaba sometido. Da mesma forma os reis convértense en maestros (xefes) das ordes militares, garantíndose así as súas cuantiosas rendas. A burguesía urbana será sometida tamén: nas cidades os reis imporán a figura do corrixidor que impide que se tomen acordos en contra dos intereses do Estado.

Unha vez concentrado o poder van proceder a crear institucións nas que apoiarse para gobernar. Vexamos as máis importantes.

CASTELA:

- O **consello real** asesora á monarquía na toma de decisións. Tamén habería consellos rexionais que asesoran ao rei na toma de decisións en cada un dos reinos (Consello de Aragón, Consello de Italia, Consello de Indias...). Estaba formado por nobre e letrados organizados en comités específicos.
- As **audiencias ou chancillerías** son institucións xudiciais, tribunais, a través das que se exercía a autoridade real que agora chegaba a todo o reino e non como na Idade Media que eran tamén atribución da nobreza.
- Os **vicereis**, representantes dos soberanos naqueles territorios nos que estes non estaban presentes
- Os **Correxidores**, figura a nivel local que exerce o poder administrativo, xudicial e militar en representación do monarca. Encargados do mantemento da orde pública.
- Creación da Santa Irmandade para o mantemento da orde nos camiños.
- Crean tamén por primeira vez en Europa un exército permanente, na Idade Media mobilizábanse exércitos en caso de guerra e o exército real formábase coa integración dos nobres. Destaca como gran estratega e reformador o Gran Capitán que creará os famosos terzos.

ARAGÓN:

As reformas implementadas serán de menor calado ao o monarca estar obrigado a pactar cos distintos reinos. Destacaremos dúas:

- A creación da figura do **vicereí**, un en cada reino.
- Creación do sistema de **insaculación** para elixir aos cargos municipais. É un sistema de elección de cargos por sorte, a partir dunha lista que contaba coa aprobación do monarca.

Para a boa gobernanza dos seus reinos viron tamén conveniente a unidade relixiosa, reducir o tres relixións medievais (xudaísmo, cristianismo e islam) a unha soa. Desá maneira forzaron ao non cristiáns á conversión ou á expulsión. Os xudeus que non quixeron converterse foron expulsados en 1492, os musulmáns, así mesmo, pasaron de ser mudéjares (musulmáns) a cristiáns (moriscos). Ante a sospeita de que as conversións non eran sinceras actuaba a Santa Inquisición, que se creou en Castela, previa autorización do Papa Sixto VI, en 1478.



2. A POLÍTICA EXTERIOR

Foi levada a cabo principalmente por Fernando o Católico e tivo varias direccións como veremos, pero o obxectivo fundamental era illar a Francia, a gran inimiga e rival.

- **A política matrimonial.** Foi utilizada para lograr a unidade peninsular, pero, sobre todo, para illar a Francia. Desta forma casaron á súa filla Isabel con Manuel de Portugal, como xa vimos; aos seus fillos Juan e Juana con Margarita de Austria e con Felipe o Feroso respectivamente, fillos do emperador alemán Maximiliano e veciño de Francia, e á súa filla Catalina con Enrique VIII de Inglaterra. Sen pretendelo estes últimos matrimonios farán que España estea no centro da política europea na seguinte xeración.
- **Descubrimento de América.** O século XV é o século da expansión europea, portugueses e españois abrirán novas rutas, os primeiros circunnavegando África chegarán á India e ás illas das Especias (actual Indonesia); os casteláns pretendían o mesmo, pero navegando cara ao oeste ao apoiar o proxecto de **Cristóbal Colón**. A primeira viaxe de Colón iníciase o 2 de agosto de 1492 e chega á illa de Guanahaní (Bahamas) o día 12 de outubro, e desde alí pasou a Cuba e Santo Domingo. En posteriores viaxes tocará a zona continental. Outros navegantes continuarán o seu labor no Caribe. Ante as noticias da viaxe de Colón, os portugueses van asinar con Castela un tratado que delimite as súas zonas de influencia, é o tratado de Tordesillas. Con esta demarcación Brasil quedou dentro da zona portuguesa. En 1513 **Vasco Núñez de Balboa** descobre o Mar do Sur, logo chamado océano Pacífico.
- **Norte de África.** Os piratas berberiscos atacaban as costas mediterráneas, así se vai a proceder á conquista de Melilla (1497) e máis adiante outros puntos na costa norte de África para neutralizar estes ataques.
- **Italia** vai ser un campo de especial interese para Fernando o Católico, herdeiro da política expansionista da Coroa de Aragón. Será o campo de enfrontamento principal con Francia, que ambiciona eses territorios. Os terzos españois, ao mando de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán, derrotarán aos franceses e afastaránlles das súas pretensións de ocupar Nápoles, en mans dunha rama bastarda da Casa de Aragón, era principios do século XVI.

España na Idade Moderna. Séculos XV- XVIII.

II. OS AUSTRIAS MAIORES: CARLOS I E FELIPE II

1. CARLOS I (1517-1556)

A dinastía austríaca chegou ao trono polo casamento de **Juana de Castela**, filla e eherdeira dos RRCC e de **Felipe de Habsburgo**, fillo do arquiduque de Austria e emperador do Sacro Imperio Romano - Xemánico. Á morte de Isabel de Castela, Juana foi incapacitada por mor da súa suposta inestabilidade mental. No seu lugar gobernaron primeiro o seu pai **Fernando** e logo o seu marido **Felipe I** o Fermoso.

Tras a morte deste ocúpase da rexencia o cardeal **Cisneros** até a chegada en 1517 do fillo da raíña, o mozo **Carlos**, criado na corte de Flandes e que non falaba castelán.

Na súa persoa vai acumular unha vasta herdanza: Por parte da súa nai Juana herda todas as posesións dos RRCC; por parte do seu pai Felipe os dominios austríacos e a posibilidade de ser emperador alemán, que de feito o foi a partir de 1519, e por outro recibe os Países Baixos e Borgoña, esta última en mans francesas. Como vemos unha extensa herdanza europea. De todos estes reinos e territorios será en Castela onde o rei ten un maior poder e lugar de onde sacará os fondos e recursos para as súas empresas europeas.



a) A Política interior

Carlos I chega a Castela rodeado dunha corte de conselleiros e eclesiásticos procedentes de Flandes, entre os que destaca Adriano de Utrech, que non coñecían o idioma. Entre eles repartíronse os principais cargos de goberno xerando receos entre a nobreza castelá e aragonesa. Así a todo, Carlos intentou vencer esas resistencias e convocou as cortes de Castela, Aragón e Cataluña nas que foi recoñecido rei e tentou conseguir fondos para financiar a súa candidatura ao Imperio.

Debido a todo isto estala a **revolta dos comuneiros**, chamada así porque varias cidades (Cuenca, Toledo, Toro, Tordesillas...) destitúen ás autoridades municipais e forman comunas (concellos) con novas autoridades. Estes insurrectos únense na Xunta Santa de Ávila e tentan o recoñecemento de Juana a Tola recluída en Tordesillas (Valladolid). Carlos está en Alemania, Adriano de Utrecht, que dirixe o reino no seu nome, enfrontarase ao exército dos comuneiros e na batalla de Villalar (23 de abril de 1521) estes son derrotados. A partir de aquí o poder real aumenta aínda máis en Castela. Os nobres apoiaron a causa imperial.

En Valencia e Baleares prodúcese unha **revolta coñecida como Xermanías**, pero non vai contra Carlos I senón contra o excesivo poder da nobreza en cidades como Valencia, que chega a caer en mans dos insurrectos. As forzas reais controlarán a revolta e restablecerán a orde.

b) A Política exterior

O poder tan forte conseguido por Carlos I vai suscitar a oposición doutros monarcas europeos. Vexamos cales son os principais problemas e conflitos cos que se tivo que enfrontar.

Guerras con Francia. Son habituais desde tempos de Fernando o Católico. Neste caso a rivalidade céntrase en Milán, posesión francesa en Italia que tras a batalla de Pavía en 1525 pasa a España, nesa batalla o rei francés Francisco I é feito prisioneiro.

- **Problemas cos príncipes alemáns e o luteranismo.** Carlos foi nomeado emperador alemán en 1519, pero era un título oco, un recordo medieval, o territorio estaba dividido nun gran número de estados e cidades-estados gobernados polos seus príncipes que non querían nin ouvir falar da autoridade imperial. Neste momento vaise estender o protestantismo defendido por **Martín Lutero** como movemento de reforma contra a Igrexa de Roma, moitos príncipes abrazan a nova fe. O emperador é un defensor acérrimo do catolicismo e neste contexto o enfrontamento entre ambos os bandos era inevitable. Aínda que as tropas imperiais venzan á **liga Smalkalda** (alianza militar dos protestantes) na **batalla de Mühlberg en 1547**, este, ao final, non ten máis remedio que recoñecer polo tratado de Augsburgo de 1555 a liberdade de relixión (vista nese momento como que era o príncipe de cada territorio o que ditaba a relixión de todos os seus súbditos).

1561 Vista de Worms. Pintado por Hans Holbein o Jovem.



- **Problemas cos turcos.** O Imperio otomán ven de ocupar moitas zonas de Europa oriental e ameaza Viena; a actuación de Carlos I vai frustrar esa tentativa. Da mesma maneira terá que facer fronte aos piratas berberiscos que hostigan as costas españolas. Séguese así a política iniciada con Fernando o Católico e Cisneros, no entanto, o intento de tomar Argel en 1541, principal centro berberisco acaba en fracaso.

Carlos I casouse con **Isabel de Portugal**. Este feito será importante porquen no reinado seguinte, cando morra o rei de Portugal sen descendencia, Felipe II fillo de Carlos I converterase tamén en rei de Portugal e completarase a unidade ibérica.

Carlos decide en 1556 abdicar en Bruxelas de todos os seus dominios, dividiu as súas posesións entre o seu irmán **Fernando I** que levou as posesións austríacas e a posibilidade de ser emperador alemán, e o seu fillo Felipe que herdará as posesións españolas e os Países Baixos. Morreu no mosteiro de Yuste, Cáceres, en 1558.

2. FELIPE II (1556 - 1588)

Felipe II herda do seu pai as posesións españolas (España, Italia e América); os Países Baixos, estes últimos serán o seu gran quebradizo de cabeza como veremos; e, desde 1581, convértese en rei de Portugal. Fará de España o centro do seu imperio e porá en Madrid a capital dos seus reinos. A diferenza do seu pai non abandonou practicamente nunca a Península. O predominio en Europa e a defensa do catolicismo foron as directrices principais do seu goberno.



a) A unión con Portugal

Ao morrer o rei de Portugal, don Sebastián, sen descendencia, Felipe II (fillo de Isabel de Portugal) é nomeado rei polas cortes portuguesas reunidas en Tomar. O imperio portugués únese ao español. Verdadeiramente no seu imperio non se puña o sol.

b) Os problemas interiores

- **Procesos contra os protestantes**, que levou a represión dalgún foco por parte da Inquisición en Valladolid e Sevilla.
- **Rebelión dos moriscos granadinos**, foi debido a unha lei de 1567 que prohibía os seus usos e formas de vida. Foi dirixida por Abén Humeya e en moitos pobos das Alpujarras destituíron ás autoridades reais, foron duramente reprimidos por **Don Juan de Austria**, irmán bastardo do rei.
- O **caso de Antonio Pérez**. Antonio Pérez era secretario de Felipe II, ante o temor de que revelase algúns segredos, Felipe II ordenou o seu arresto. Antonio Pérez escapou á súa terra, Aragón, onde foi protexido pol "xustiza maior". Lembremos que nos reinos da Coroa de Aragón o rei non teñen un poder tan forte como en Castilla. Felipe II reclamou a entrega do prisioneiro e chocou cos foros aragoneses que protexían ao alto cargo e a Antonio Pérez. Ao final escapou a Francia. Felipe II aproveitou a situación para recortar un pouco os foros aragoneses.

c) Os problemas exteriores

Felipe II terá na súa contra a: Francia, os turcos, Inglaterra e os rebeldes dos Países Baixos. Vexamos cada un deles.

- **A guerra contra Francia**. Iníciase o seu reinado con triunfos esmagadores sobre Francia, sobre todo na fronteira cos Países Baixos españois, como a **batalla de San Quintín de 1557**. A paz sélase co seu matrimonio con **Isabel de Valois**, filla do rei francés. Nos anos oitenta, en Francia, nun contexto de guerras entre católicos e hugonotes (protestantes franceses) e co trono vacante tras o asasinato do rei, Felipe II propón á súa filla Isabel Clara Eugenia como reina de Francia. O resultado foi un fracaso para as pretensións de Felipe II, o candidato lexítimo convértese ao catolicismo para poder reinar.
- **Enfrontamento contra os turcos** era xa tradicional. Felipe II vence, xunto con Venecia e o Papado, nunha campaña contra a escuadra otomá que derrota aos turcos en Lepanto en 1571 nas costas da actual Grecia. Nesta batalla participou Cervantes.
- **Os Países Baixos** (actuais Bélxica, Holanda e Luxemburgo) correspondéranlle da herdanza do seu pai, serán unha fonte de problemas. O territorio estaba poboado por unha rica burguesía comerciante que abrazara o calvinismo (unha confesión protestante) e que non podían tolerar un rei católico. O líder da insurrección era **Guillermo de Orange** e a pesar dos esforzos, só permanecerá leal a Felipe II os territorios actuais de Bélxica e Luxemburgo. Holanda (Provincias Unidas) será semiindependiente e España recoñecerá a súa independencia en 1648.
- **Inglaterra** mostrouse como un inimigo formidable. Tras a morte da católica **María Tudor** (que estivo casada con Felipe II) ocupa o trono a súa medio irmá **Isabel I**, anglicana e contraria a España. Os ataques dos piratas e corsarios ingleses e outras provocacións fan que Felipe II proxecte un plan para invadir a illa. A frota española, **Armada Invencible**, será derrotada polos barcos ingleses e as tormentas en 1588. Non era tan invencible como dicía o seu nome.

Felipe II morreu en 1598, estes problemas continuaríanse no reinado seguinte

3. A AMÉRICA ESPAÑOLA

É durante os reinados de Carlos I e Felipe II cando se produce a gran expansión do imperio español en América.

a) Exploración e conquista do Novo Mundo.

Expedicións de conquista eran organizadas por particulares que lograban o permiso a cambio de poñer as terras conquistadas baixo a autoridade real. Para este fin se redactaba un documento denominado capitulacións no que se explicitaban os cargos e as riquezas que se lle outorgaban aos conquistadores, a coroa se reservaba o Quinto real.

O proceso de conquista foi rápido e se realizou en varias fases.

Cómpre destacar a viaxe que entre 1519 e 1521 realizan **Fernando de Magallanes** e **Juan Sebastián Elcano** que tiña como obxectivo atopar o tan ansiado paso ao sur do continente que comunique co Pacífico, cousa que logra tras moitas vicisitudes. Tras atravesar ese océano chegan a


Filipinas onde morre Magallanes, faise cargo da expedición Juan Sebastián Elcano, que despois de moitas peripecias logra chegar a Sevilla. Realizouse a primeira volta ao mundo, demostrouse así a esfericidade da Terra.

Na etapa anterior os españois tomaron posesión de moitas illas do Caribe e da terra continental bañada por ese mar e desde alí iniciárase a conquista e ocupación doutros territorios. **Hernán Cortés** desembarca no **Imperio azteca** (México) e con catrocentos homes e axudados polos inimigos dos aztecas, faise con Tenochtitlán, a capital, tras facer prisioneiro ao seu líder **Moctezuma**. Unha posterior reacción dos aztecas fai fuxir aos españois que, ao final, acaban impóndose na batalla de Otumba (1520) e Hernán Cortés faise dono de todo México onde fundará o virreinato de Nova España.

A conquista do **Imperio inca** (Perú, Ecuador e parte de Bolivia) sería levada a cabo por **Francisco Pizarro**, que ascendeu desde a costa, subiu á cima dos Andes e foi recibido polo **Gran Inca Atahualpa**, ao que capturou e posteriormente executou en 1533, recibindo antes unha gran cantidade de prata. Francisco Pizarro ocupou Cuzco, a capital do Imperio, e fundou na costa a cidade de Lima.

A conquista de **Chile** sería comezada por **Diego de Almagro**, socio de Pizarro, pero sería completada por Pedro de Valdivia que morreu no intento. Tamén se conquistou o actual territorio de **Bolivia** ao que se chamou Charcas e onde se descubriron as ricas minas de prata de Potosí.

Cara a 1550 estaba case terminada a conquista do territorio colonial, as conquistas posteriores serían máis reducidas e a partir dos dominios xa consolidados. Con Felipe II incorporáranse ao Imperio español as **illas Filipinas**, chamadas así en honra a el. Desde Manila, capital do arquipélago, estableceríase un camiño a través do Pacífico até o porto de Acapulco en México, estivo a funcionar sobre trescentos anos.



b) A organización da América hispana

Para a administración dos novos territorios en España creáronse varias institucións que reproducían as que xa existían en na Coroa de Castela, como o **Consello de Indias**, que asesoraba ao rei sobre leis para o funcionamento das Indias, así como a proposta de cargos para as colonias. En Sevilla funcionaba desde a súa creación polos Reis Católicos a **Casa de Contratación** que regulaba todo o que tiña que ver co comercio e a navegación con América. Da mesma forma creáronse **virreinos** (Nova España en México en 1535 e o de Perú en 1544) dirixidos por vicerreis que rendían conta ante o rei. As audiencias (órgano de xustiza) tamén se estenderon polo Novo Mundo.



O encontro entre os dous mundos produciu un intercambio de produtos nas dúas direccións: de América viñeron o millo, a pataca, o tomate, o pemento, o pavo, o tabaco... e a América chegaron cabalos, trigo, vide, Oliveira... Fundamental foi a gran riqueza de ouro e, sobre todo, prata, que contribuíron a revitalizar a economía europea.

As terras foron repartidas entre os colonos a través dunha institución chamada **encomenda**, que consistía na asignación, por parte da coroa, dunha determinada cantidade de indíxenas a un súbdito español, encomendero, en compensación polos servizos prestados. Tras isto, o encomendero facíase responsable dos nativos postos ao seu cargo, os evanxelizaba, e percibía os beneficios obtidos do traballo que realizaban. En moitos casos foi unha fonte de abuso e explotación. Para velar polos indios que adoitaban a recibir maltrato por parte dos encomenderos, xurdiron voces na súa axuda como **frei Bartolomé de las Casas** e **frei Antonio de Montesinos**. Os reis promulgaron leis nesa dirección, as famosas **Leis de Indias** de 1542, que poñían á poboación indíxena baixo a protección da Coroa. A súa eficacia foi limitada debido a distancia dos monarcas respecto do territorio.

Outras formas de aproveitar a capacidade de traballo dos indíxenas foron:

O **sistema de repartimento** forzado consistía nunha rotación por tempadas dos traballadores nativos para facer obras públicas para a administración, a diferenza dá encomenda que era para particulares, a cambio dun pago ínfimo.

A **mita**, un sistema forzado que obrigaba aos indíxenas a traballar, tras un sorteo, nas minas ou obras públicas.

O contacto cos españois produciu un descenso brusco da poboación, os indios non tiñan defensas contra enfermidades comúns como a gripe, a variola..., tampouco estaban afeitos ao traballo e a explotación. Isto último fixo que para traballar se trouxeran escravos de África, o que deu lugar a un lucrativo e penoso negocio. Con todo, a mestura de razas produciuse desde o primeiro momento e a poboación indíxena sufriu un proceso de aculturación, é dicir, adoptaron a lingua, a cultura e a relixión dos españois; a iso contribuíron de maneira eficaz os relixiosos, dominicos nun primeiro momento, franciscanos e xesuítas máis tarde. Tamén se fundaron cidades de novo cuño que reproducían a vida da metrópole: con igrexas, catedrais, palacios, universidades, imprentas...

España na Idade Moderna. Séculos XV- XVIII.

III: OS AUSTRIAS MENORES (S.XVII)

1. O século XVII, un século de crise

O século XVII é un século de crise en Europa en todos os aspectos, pero en dous países será aínda máis profunda, en Alemaña, pola **guerra do Trinta Anos** e en España. En España manifestouse en tres aspectos: o demográfico, o económico e o social.

Desde o punto de vista demográfico a fame, as epidemias, a expulsión dos mouriscos (afectou a 300.000 mouriscos entre 1609 e 1914 sobre todo de Valencia, Murcia e Aragón.), as guerras e a emigración a América fan que a poboación pasase de 8'5 millóns en 1600 a 7,5 en 1700.

No económico vemos síntomas preocupantes a finais do século XVI e que se intensifican no XVII: malas colleitas, elevados custos de produción, diminución da cantidade de metais que viñan de América e o aumento de impostos para manter as guerras en Europa que recaían, sobre todo, en Castela. Ante a falta de metais prodúcese a manipulación da moeda (alteración da porcentaxe de ouro ao mesturalo con cobre), que producen unha subida espectacular dos prezos. Nos reinos da Coroa de Aragón non sucede coa mesma intensidade pois acuñan moeda propia.

No social, consolídanse os estamentos acomodados (nobreza e clero), pero non termina de consolidarse una burguesía dinámica que fose o motor do cambio.

O peso da crise recaería con forza nas clases populares (traballadores urbanos, campesiños), o que lles empuxa á delincuencia, ao bandolerismo, á mendicidade ou a ingresar no clero para ter cubertas as necesidades básicas. Este panorama, especialmente desastroso, está reflectido na pintura do século XVII e na literatura da época, sobre todo na novela picaresca.

2. Reinado de Felipe III (1598-1621)

No interior **Felipe III** inaugurou o costume de delegar o poder real nunha persoa de confianza, un valido, no seu caso o **duque de Lerma** desde 1599, que goberna en nome dun rei que se dedica as súas afeccións favoritas. En 1609 decretouse a expulsión dos moriscos levándose a cabo entre este ano e 1614, marchando ao norte de África. Sairían uns 300.000 e foi moi prexudicial para a agricultura en Valencia e Aragón, onde eran numerosos e dedicábanse ao traballo no campo en terras xeralmente de nobres.



No exterior foi un reinado pacífico; consciente da crise económica mantense a hexemonía en Europa pola vía diplomática máis que pola forza das armas. Para iso Felipe III asina a paz con Inglaterra, e cos rebeldes dos Países Baixos (Holanda) acordou a **Tregua dos Doce Anos** (1609). Con todo, o pacifismo rompeu en 1618 co estalido da Guerra do Trinta Anos (1618-1648), na que participou apoiando aos Austrias alemáns, parentes dos reis de España. Na primeira etapa da devandita Guerra os Austrias imponse (vitoria na batalla da Montaña Branca, 1620). Esta guerra comezou como un conflito moi localizado no Imperio alemán, entre protestantes e católicos, pero Francia converteuno nunha loita pola hexemonía en Europa fronte aos Austrias

3. O reinado de Felipe IV (1621-1665)

Foi un reinado moi axitado e a crise e decadencia española tocaron fondo.

a) Política interior: a crise de mediados do reinado.

Felipe IV nomea valido ao **conde-duque de Olivares**, este gobernante vai pretender manter a hexemonía en Europa, para iso tenta que todos os reinos da monarquía hispánica contribúan aos gastos bélicos en igual maneira e que non sexa Castela a única que paga; para iso iniciou un programa chamado Unión de Armas (1625). Este intento de centralización provoca unha revolta en Cataluña, a independencia de Portugal e outros levantamentos menores



En 1635, ante a negativa das Cortes catalás a pagar máis na guerra contra Francia, o Conde-duque leva a guerra á fronteira. O contacto das tropas do rei coa poboación local que as acollían foi fatal e produciuse unha sublevación en Barcelona o 7 de xuño de 1640 cando un grupo de segadores asasinan o vicerrei conde de Santa Coloma, era o **Corpus de Sangue**.

As autoridades catalás sepáranse da monarquía e proclaman conde de Barcelona a Luís XIII, rei de Francia, pero o trato deste rei non foi mellor e iso facilitou a reconquista de Cataluña por Felipe IV en 1652. Felipe IV entrou en Barcelona e portouse de forma magnánima cos sublevados, non houbo represalias e seguíronse conservando os foros e liberdades catalás.

En canto á sublevación de Portugal, ante a grave situación en Cataluña, Olivares pide tropas a Portugal, os portugueses néganse e rebélanse (decembro de 1640) proclamando rei ao duque de Bragança co nome de **Juan II**. O levantamento contou co apoio de Francia, Holanda e Inglaterra. España recoñeceu a independencia de Portugal en 1668 polo tratado de Lisboa, xa baixo o reinado de Carlos II.

Á vez que as sublevacións anteriores, estalaron outras conspiracións en Andalucía, Aragón, Nápoles e Sicilia, relativamente máis fáciles de dominar e con outros motivos.

Para concluír, nesta crise maniféstase de forma gráfica o enfrontamento entre as dúas formas de concibir a unidade de España (centralismo e foralismo ou mantemento dos foros). En todo caso, Felipe IV mantivo a mesma estrutura de goberno da monarquía española (un conxunto de reinos coas súas leis e institucións propias cun rei común).

As autoridades catalás sepáranse da monarquía e proclaman conde de Barcelona a Luís XIII, rei de Francia, pero o trato deste rei non foi mellor e iso facilitou a reconquista de Cataluña por **Felipe IV** en 1652. Felipe IV entrou en Barcelona e portouse de forma magnánima cos sublevados, non houbo represalias e seguíronse conservando os foros e liberdades catalás.

En canto á sublevación de Portugal, ante a grave situación en Cataluña, **Olivares** pide tropas a Portugal, os portugueses néganse e rebélanse (decembro de 1640) proclamando rei ao **duque de Bragança** co nome de **Juan II**. O levantamento contou co apoio de Francia, Holanda e Inglaterra. España recoñeceu a independencia de Portugal en 1668 polo tratado de Lisboa, xa baixo o reinado de Carlos II.

Á vez que as sublevacións anteriores, estalaron outras conspiracións en Andalucía, Aragón, Nápoles e Sicilia, relativamente máis fáciles de dominar e con outros motivos.

Para concluír, nesta crise maniféstase de forma gráfica o enfrontamento entre as dúas formas de concibir a unidade de España (centralismo e foralismo ou mantemento dos foros). En todo caso, **Felipe IV** mantivo a mesma estrutura de goberno da monarquía española (un conxunto de reinos coas súas leis e institucións propias cun rei común).

b) Política exterior: a pérdida da hexemonía.

A guerra do Trinta Anos, iniciada en 1618, seguía aberta, era, máis que unha loita entre católicos e protestantes, unha loita polo predominio en Europa. A Tregua dos Doce Anos cos holandeses acábase e estes, en rebeldía contra o rei, únense aos inimigos dos Austrias. Esta guerra supuxo un gran conflito internacional onde, ademais dos Austrias españois, interveñen os daneses, os suecos e, de maneira decisiva, os franceses. As sublevacións no interior de España que viamos no apartado interior debilítana e España, esgotada de tanto esforzo, empeza a perder forza fronte a unha potente Francia.

A **batalla de Rocroi de 1643**, na que son derrotados por primeira vez os terzos españois, supón un cambio de tendencia. A guerra acaba pola **paz de Westfalia en 1648** que consagra a hexemonía de Francia e o desprazamento de España como potencia máis poderosa; España ten que recoñecer a independencia de Holanda. A paz definitiva entre Francia e España lógrase pola **paz dos Pirineos de 1659** onde España perde algunhas cidades de Flandes fronte a Francia, así como o Rosellón e a Cerdaña que pasan definitivamente a Francia, constituíndose así a fronteira máis antiga de Europa. Para selar esa paz a filla de **Felipe IV, María Teresa de Austria**, casa co rei francés Luís XIV, matrimonio do que había de ser neto **Felipe de Anjou**, futuro rei de España á morte de **Carlos II**.

4. O reinado de Carlos II (1665-1700)

No reinado de Carlos II continua a decadencia. A final do mesmo, como resultado da aplicación das medidas económicas de 1680, asístese a unha certa recuperación económica e demográfica.

O novo rei carece de carácter para gobernar, é un rei débil e enfermizo, na corte era alcumado o Enfeitizado. O seu reinado está dominado polas guerras contra Francia e o problema da sucesión.



Ao non ter descendencia, no exterior as distintas potencias europeas, sobre todo Francia e o Imperio alemán, planteáronse a repartición da monarquía española, sen contar co goberno español, polo que causaban indignación en España. Para Carlos II, o testamento debía decidirse entre dous candidatos: **Felipe de Anjou**, neto de Luís XIV e o **archiduque Carlos de Austria**, fillo do emperador Leopoldo I de Austria. En 1700, pouco antes de morrer, Carlos II designou como herdeiro ao candidato francés: Felipe de Anjou ou de Borbón.

5. A Economía e a sociedade na Galicia dos Austrias

A Galicia dos séculos XVI-XVII, ó igual co resto de territorios da Monarquía hispánica, presenta as características básicas do sistema feudal: sociedade estamental moi xerarquizada e con escasas oportunidades de ascenso social, desigual ante a lei e liderada por sectores privilexiados rendistas que son a nobreza e o clero organizados en señoríos territoriais e xurisdicionais sobre os seus feudos e viven fundamentalmente da cobranza de rendas ós campesiños que traballaban as terras destes. En relación con esta realidade, cómpre destacar o papel dos fidalgos, unha sorte de baixa nobreza que aparece durante o crecemento demográfico do XVI entre os grandes señores e os campesiños facendo de intermediarios no cobro das rendas, aumentando o seu patrimonio e importancia social, visible nos seus pazos. Isto sucede xa que para moitos grandes señores todo o que supuxera evitar o traballo manual era dignificante, polo que arrendan esta xestión ós **fidalgos**

A poboación galega, ó igual co conxunto peninsular, é nova, presentando unha esperanza de vida curta, ó redor dos 40 anos. Máis de 4/5 do total vive no ámbito rural, é analfabeta (as mulleres na súa práctica totalidade) e traballa nas labores do campo, xestionando unha economía agraria de subsistencia (importancia na exigua dieta das fariñas de trigo e centeo, o viño, verduras, carne no interior, pouco consumo de carne...) traballada co utis rudimentarios e con ausencia de fertilizantes e innovacións salientables. Estes condicionantes explican que dificilmente se xere un excedente unha vez os campesiños

teñen que facer fronte á gran cantidade de tributos sobre o producido (dezmo eclesiástico) e ó pago das rendas forais. Estes pagos soíanse facer en especie. Debido a esta insuficiencia produtiva optaron por realizar outras tarefas complementarias ás agrarias na propia casa, coma o fiado de liño, ou decidiron emigrar a Castela, Portugal ou mesmo a América por un tempo curto ou definitivo.

Esta situación muda a partires do século XVII cando se consolidan os cultivos de dous produtos americanos, millo e pataca, aumentando significativamente os niveis produtivos e as terras en labor, e con isto propiciando un crecemento poblacional que mitiga a crise demográfica do século XVII que afecta á toda a península. Na Galicia costeira, a exigua produción dos minifundios vese aliviada polo traballo no mar, que en todo caso tampouco permite superar o nivel de subsistencia para a meirande parte dos mariñeiros, debido a problemas análogos ós da agricultura (de feito, as innovacións relevantes a nivel técnico e organizativo no terreo da pesca chega cos emprendedores cataláns no S XVIII, ca introdución da arte do arrastre e as fábricas conserveiras), si ben é certo que os gremios de mareantes, coma no caso de Pontevedra, chegaron a ter relevancia económica dentro da súa comunidade. Portos coma os desta cidade, Baiona, Vigo, Coruña... comerciaban con cidades costeiras españolas (Sevilla, Bilbao) e europeas coma Lisboa, Porto, Amberes, Rouen... exportando viños, sardiñas, polbos, pescadas, castañas, cítricos... ou importando cereais, aceite ou sal.

España na Idade Moderna. Séculos XV- XVIII.

IV: O SÉCULO XVIII

1. O reinado de Felipe V (1700-1746)

a) A guerra de Sucesión (1701-1713)

Felipe de Anjou foi designado rei de España no testamento de Carlos II, tomará o nome de **Felipe V**, era o primeiro rei da dinastía Borbón. A nivel internacional Inglaterra, potencia en ascenso, vai a cuestionar o excesivo poder da dinastía de Borbón, e, de acordo con Holanda e Austria (coas que forma a Gran Alianza da Haia) vai propoer como rei de España ao **archiduque Carlos** fillo do emperador austríaco. Este feito acende unha guerra a nivel europeo a partir de 1701 que terá varios escenarios e que, en principio, non foi favorable aos intereses borbónicos. O problema para Felipe V agrávase cando os territorios da Coroa de Aragón xuran fidelidade ao archiduque, converténdose a guerra tamén nunha contenda civil española ao contar Felipe V co apoio incondicional de Castela e Navarra.



No marco desta contenda produciuse a **toma de Xibraltar** polos ingleses en 1704 como base para apoiar ao archiduque Carlos. A vitoria borbónica na **batalla de Almansa** (25 de abril de 1707) permite a toma de Valencia e Aragón e a eliminación dos seus foros.

En 1711 o archiduque Carlos convértese en emperador austríaco e isto favorece un acordo; Inglaterra tampouco estaba interesada en que o mesmo rei gobernase en España e Austria. Polos **tratados de Utrecht (1713) e Rastadt (1714)**ponse fin á guerra, Felipe V é recoñecido como rei, pero a cambio de perder todas as súas posesións en Europa: Nápoles e Sicilia, Milán e os Países Baixos pasan a Austria, Sardeña a Saboya, e Inglaterra ve confirmado o seu dominio sobre Xibraltar e Menorca e vantaxes comerciais en América. Aínda quedaban focos contra **Felipe V**: Barcelona réndese o 11 de setembro de 1714 e Palma de Mallorca en 1715.

b) Os decretos de Nova Planta

Como consecuencia da guerra de Sucesión, Felipe V anula os foros dos territorios da Coroa de Aragón nos coñecidos como **Decretos de Nova Planta**: en 1707 en Valencia e Aragón, en 1715 para Mallorca e en 1716 para Cataluña. A partir de agora perden as súas institucións como as Cortes e serán gobernadas coas mesmas leis de Castela e serán dirixidos por un capitán xeral. Pola contra, suprimiuse o privilexio de estranxeiría e xa non se consideraban estranxeiros en Castela e podían optar a todos os cargos. Tamén se suprimen as aduanas e fronteiras interiores. Os territorios con foros (leis propias e ampla autonomía) que permaneceron fieis a Felipe V conservaron os seus privilexios: Álava, Guipúzcoa, Biscaia e Navarra. Xon estas medidas o monarca pretendía a centralización do poder político unificando lexislativamente os reinos que herda dos Austrias que se caracterizaban por unha forte descentralización, ao mesmo tempo que instaura a monarquía absolutista (seguinto o modelo francés) .

Este proxecto centralizador conleva unha reorganización administrativa e territorial, que cristalizará nas seguintes medidas:

- En cada provincia unha Audiencia, que aconsellaba ó Capitán Xeneral e se encargaba de asuntos xudiciais.
- Créase a figura do Intendente encargado da recadación de impostos e a dinamización económica do país (coidar das Reais Fábricas, controlar ás autoridades locais, realizar censos, impulsar o desenvolvemento da agricultura e da gandería, etc).
- No terreo económico se suprimen as aduanas interiores entre os reinos da Coroa de Aragón e Castela. Deste xeito os comerciantes cataláns inician a súa expansión pola península contribuíndo ao despegue económico de Cataluña.
- Na administración municipal, esténdese a figura do Correxidor, nomeado polo monarca.
- Na administración central se crean as Secretarías de Despacho, nomeados e des tuidos polo rei, antecedentes dos nosos actuais ministerios (Estado, Xustiza, Facenda, Guerra, Mariña e Indias). Entre todos os secretarios de Despacho destaca o Secretario de Estado, antecedente do primeiro ministro ou xefe de goberno.
- A reorganización chegou á facenda do estado, implementándose un novo sistema tributario. O modelo estaba baseado nun único imposto de cotas fijas repartido en función da riqueza dos veciños, que inspiraría o proxecto de Única Contribución que tentou implantar posteriormente o marqués da Ensenada.

c) A política exterior

Estivo ditada pola súa proximidade a Francia e polas ambicións de **Isabel de Farnesio**, segunda esposa de Felipe V que quería ver aos seus fillos gobernando en territorios italianos. Con Francia asinou os chamados **Pactos de Familia**; isto lévalle a España a participar nas guerras de sucesión de Polonia e máis tarde Austria. España conseguiu colocar a fillos de Isabel de Farnesio nos tronos de Nápoles e Sicilia e Parma.

2. O reinado de Fernando VI (1746-1759)

Felipe V abdicou en 1724 no seu fillo **Luís I**, pero faleceu aos poucos meses, retomando novamente o poder o rei até a súa morte en 1746. Sucédelle **Fernando VI**, casado con **Bárbara de Bragança**. Destacará o labor reformista do marqués da Ensenada: arranxo de camiños, construción de infraestruturas, colocación da figura dun intendente en cada provincia do reino... Pretendeu facer unha reforma fiscal para que cada poboación pagase en función da súa riqueza, para iso realizouse o coñecido como catastro de Ensenada, que non chegou a prosperar pola oposición do clero e a nobreza.



No exterior foi un monarca pacífico e non entrou na **guerra do Sete Anos** entre Francia e Gran Bretaña. Falece en 1746 e, ao non ter fillos, o trono pasa a **Carlos III**, fillo de Felipe V e Isabel de Farnesio, para iso ten que abandonar Nápoles tras un reinado de vinte e catro anos.

3. O reinado de Carlos III (1759-1788)

a) A política interior

A principios do seu reinado conta con ministros que se trae de Nápoles, como **Esquilache** e **Grimaldi**. O primeiro leva a cabo un vasto programa de reformas, pero gañouse a impopularidade en Madrid ao decretar unha medida para recortar o chapeu e a capa longa que favorecía a impunidade dos delincuentes; ante esta medida e a carestía da vida, iníciase o chamado **motín de Esquilache en 1766**.



Carlos III, medorento, dá marcha atrás e destitúe ao seu ministro. Unha comisión de investigación ao ano seguinte informa que detrás do motín estaban as **xesuítas**, feito que favorece a súa **expulsión en 1767**, como noutros reinos europeos (considerábase a esa orde como a gran opositora ás reformas dos reis ilustrados). Hoxe en día non hai certeza da súa culpabilidade e máis ben parece ser que foi un golpe palaciego para conseguir o poder. A Esquilache sucédelle o conde de **Aranda** que destacará tamén polo seu labor reformadora e por pór en marcha un vasto plan de repoboación de Sierra Morena con colonos centroeuropeos.

A partir de 1776 e até o final do reinado o personaxe máis influente é o conde de **Floridablanca**, que leva a cabo importantes reformas económicas como a liberdade de comercio con América, a emisión de vales reais para sanear a Facenda e a creación das **Sociedades Económicas de Amigos do País** que en cada pobo propoñían reformas e melloras no ámbito da Ilustración.

a) Política exterior

Carlos III opta por Francia e abandona a neutralidade, isto lévalle a participar na **guerra do Sete Anos**. O triunfo de Gran Bretaña ao ser derrotadas Francia e España, España perde a península de Florida. O desquite para franceses e españois virá coa independencia das Trece Colonias inglesas en América do Norte (os recentemente nados Estados Unidos), que contaron con apoio francés e español. A derrota de Gran Bretaña consolidou a independencia de Estados Unidos e polo **tratado de Versalles** España recupera Florida e Menorca, pero non Xibraltar.

4. O reformismo Borbónico en Galicia

Denomínase **Reformismo borbónico** aos cambios implementados pola nova dinastía reinante a partir de 1700 baseados no establecemento dunha monarquía absoluta, a centralización administrativa e, na segunda metade do s.XVIII, co **Despotismo ilustrado**, na aplicación do ideario ilustrado coa intención de elevar o nivel cultural e científico-técnico do país coa intención de obter melloras no eido económico. Destacan neste plano **Fernando VI** e **Carlos III**.

Na Armada, **Patiño** decretou a reorganización territorial en 1726, creáronse tres *Departamentos Marítimos*, do Norte, de Mediodía e Levante, onde foron construídas as correspondentes bases navais de Ferrol, Cádiz e Cartaxena, co seu correspondente arsenal e estaleiro. Serviron como puntos de defensa estratéxicos e á súa vez como lugares de construción da frota. Froito desta reforma, Ferrol, elixida polas excelentes condicións defensivas da súa ría, pasou de ser un pequeno pobo de pescadores a principios do XVIII á cidade máis poboada de Galicia ao finalizar o mesmo, o seu crecemento urbanístico foi vertixinoso pero non estivo exento de planificación propia da Ilustración, adoptando o plano hipodámico (en damero).

Xa durante o reinado de Fernando VI, o **Marqués da Ensenada**, aproveitando os tempos paz, reformou os arsenais trasladando o de Ferrol do seu emprazamento orixinal ao definitivo, incrustado na propia cidade, e ordenou construír un estaleiro en Esteiro. Para a tarefa de recrutamento na Armada creouse a **Matrícula do Mar** en 1737, un sistema segundo o cal só poderían exercer os oficios de navegación e pesca aqueles que se matricularon. Os que o fixesen quedaban obrigados a servir nos buques da Armada cando fosen requiridos para iso ata os 60 anos. Obtiñan por iso unha serie de privilexios, con todo non sempre se cumpriron eses incentivos. A matrícula foi complicada de xestionar, repercutiu negativamente no sector pesqueiro, non logrou o alistamiento e control de todos os profesionais do mar nin cubrir por completo as demandas de homes para a Armada en tempo de guerra.



Respecto ao **comercio con América** produciuse unha certa liberalización en 1765, aínda que non sería ata o 1778 cando se acabaría co monopolio de Cádiz para permitir que fosen dez os portos, entre eles A Coruña, os que podían comerciar cos territorios de ultramar, aumentando así o volume de negocio. Isto favoreceu o crecemento da burguesía, da propia cidade herculina e a súa renovación urbanística e portuaria. Neste novo papel de baluarte do Imperio colonial Galicia viuse asolada polos ataques ingleses durante esta época destacando a batalla de Rande durante a Guerra de Sucesión, a invasión inglesa de Vigo e Pontevedra en 1719 ou o ataque a Ferrol de 1800.

Por outra banda a Ilustración en Galicia ten coma principal representante a **Benito Feijóo** e as propostas en xeral foron moi moderadas poñendo o acento no atraso económico e na necesidade de modernizar Galicia potenciando a industria, a pesca e a agricultura e gandería. A análise do atraso económico levou a toma de conciencia por partes destes ilustrados da excentralización de Galicia respecto ao conxunto do Reino o cal podemos afirmar que foi unhas das primeiras tomas de conciencia da realidade diferencial de Galicia e a defensa da súa lingua e dos seus particularismos

5. A Ilustración en España

A **Ilustración** é a corrente de pensamento que se difundiu por Europa no século XVIII, e que en España constituíu a base intelectual das reformas, especialmente con Carlos III, aínda que nos reinados dos primeiros Borbóns se dá un primeira protoilustración centrada no traballo dos novatores, que pretendían innovar no pensamento e na ciencia.

Os trazos máis característicos desta ideoloxía son: o emprego da razón e a crítica, o fomento da economía nacional, o desenvolvemento do coñecemento científico e da educación como base do avance técnico e económico, e a difusión do progreso e da felicidade. A Ilustración servíuse de varias canles de difusión das súas ideas como: Academias (da Historia, da Lingua, do Arte..), Institucións de ensino superior e consulados, xunto a vías de nova creación como as Sociedades Económicas de Amigos do País: asociacións fundadas por grupos de intelectuais para difundir ideas da Ilustración e promover o desenvolvemento de España. Trataron de fomentar a economía e o ensino, á vez que divulgaban os avances científicos. A primeira foi a Vascongada, aínda que a Matritense, fundada por Campomanes, alcanzou maior influencia. Cómpre destacar tamén o papel da prensa na difusión destas novas correntes de pensamento, publicacións de tipo económico ou oficialistas (trataban asuntos políticos, militares...)

Destacan numerosos intelectuais e artistas como o pensador **Gaspar Melchor de Jovellanos**, en botánica **José Celestino Mutis**, o ensaísta **José Cadalso**, o dramaturgo **Leandro Fernández de Moratín**. Favoreceu a aparición do Neoclasicismo utilizado en reformas urbanísticas (Porta Alcalá)

Este movemento cultural e filosófico, se plasmou na práctica política no denominado **Despotismo Ilustrado**, que non é máis que unha práctica de goberno que pretende conciliar a práctica do absolutismo coas novas ideas chegadas da Ilustración. Pode definirse na frase " todo para ó Pobo pero sen o Pobo". O monarca Español **Carlos III** foi un dos maiores expoñentes do Despotismo Ilustrado no mundo. Rodeouse de secretarios coma **Esquilache**, **Floridablanca** ou **Campomanes** dispostos a implementar reformas en diversos campos como a economía, realizando estudos para elaborar unha lei agraria, ou a educación. Tamén se buscou un reforzamento do poder real fronte a igrexa coa expulsión dos xesuítas en 1767

6. O papel da muller na Idade Moderna

A dificultade de estudar o papel da muller na Idade Moderna reside no feito de que a maioría da documentación que se manexa para realizar as investigacións, son de carácter público e polo tanto non reflicte a presenza activa das mulleres da época. Nas últimas décadas, estamos a asistir a un esforzo para facer visible o papel das mulleres na historia, que representan a metade da poboación, e corrixir a visión parcial da historiografía tradicional.

Xuridicamente, as mulleres estaban subordinadas aos homes, tanto legal como moral e laboralmente, dentro das estruturas sociais patriarcais das sociedades europeas do momento. Esta subordinación estaba xustificada polos fortes valores relixiosos e morais imperantes no Antigo Réxime. A muller era considerada permanentemente menor de idade, o que definía o seu papel tanto no ámbito familiar como no matrimonio.

Os conceptos de casa e familia estaban estreitamente vinculados durante o Antigo Réxime. O matrimonio era considerado un asunto de negocios e debía encaixar no ríxido réxime social da época. A muller ocupaba un lugar de dependencia respecto ao home, que era o cabeza de familia e o representante legal. A moral católica atribuíu á familia funcións de procreación, alimentación e educación dos fillos. A pesar diso, as duras condicións de vida e as altas taxas de mortalidade infantil non favorecían un ambiente familiar afectuoso.

No ámbito laboral, as mulleres tiñan un papel activo en diferentes tarefas, compartindo o traballo agrícola co resto dos membros da familia. En algúns casos, tamén traballaban na produción téxtil, participando na transformación do liño e da seda. A necesidade de reunir unha dote para casar facía que moitas mulleres deixasen o campo para traballar no servizo doméstico con vistas a conseguila. Dentro das funcións que unha muller podía desenvolver no servizo doméstico, destaca a de ama de cría, xa que as mulleres que gozaban dunha boa posición social non tiñan por costume aleitar aos seus propios fillos.

Unha alternativa para as mulleres era entrar no clero como monxas, o que implicaba vivir baixo as regras das ordes relixiosas. Aí, unhas poucas mulleres podían ascender na xerarquía eclesiástica e chegar a abadesas de mosteiros, aínda que a súa relevancia seguía sendo limitada.

A Ilustración, a partir do século XVIII, comezou a reclamar un recoñecemento máis amplo do papel da muller na sociedade alonxado da imaxe de pecadoras de épocas anteriores, aínda que con impacto limitado en España nesa época

7. O reinado de Carlos IV (1788-1808)

Carlos IV sucedeu ao seu pai en 1788, un ano antes da revolución francesa. Nesa situación excepcional, cando en España facía falta un monarca forte, atopamos a un rei débil que deixa o poder en mans dos seus ministros, ao principio **Aranda** ou Floridablanca, pero a partir de 1792 ascende ao máis alto cargo **Manuel Godoy**, favorito da raíña.

Cando a guillotina acaba coa vida de Luís XVI en París, todos os países europeos decláranlle a guerra a Francia; España tamén, e sae derrotada. A paz sélase na **paz de Basilea** de 1795 perdendo España a parte oriental da illa de Santo Domingo.



En 1799 a revolución francesa ha desembocado no réxime de **Napoleón** e **Godoy** dará un xiro e aliarase con el e entrará nunha alianza con Francia que leva automaticamente o enfrontamento con Inglaterra, inimiga de Francia. Esta aproximación a enfronta tamén con Portugal, aliado de Inglaterra, na coñecida como guerra das Laranxas que finaliza en 1801 coa obtención da cidade portuguesa de Olivenza. A alianza con Francia desemboca tamén na **derrota de Trafalgar**, 21 de outubro de 1805 onde queda destrozada a Armada española.

A imposibilidade de vencer aos ingleses no mar fai que **Napoleón** utilice a arma económica, o bloqueo de todos os portos continentais ao comercio inglés para buscar a súa ruína. Portugal négase e **Napoleón** decide invadilo, para iso firma con España o , as tropas francesas terían libre paso por España e Portugal sería repartido entre Francia, España e un principado para **Godoy**. As consecuencias de todo isto verémolas no seguinte tema.